

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 15/01/2024
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

LINO MOURIÑO SANTIAGO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

PAOLA MARIA MOCHALES

SONIA OUTÓN CASAL

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

GUILLERMO BUCETA GAMALLO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 15/01/2024 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 08 de xaneiro de 2023, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2023/3912

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda adjudicar o contrato menor para a realización das obras de reparación da cuberta do Centro Sociocultural de Cornazo, así como limpeza e reparación de canalóns, á Empresa Reformas Trebol SL, por un importe total de 5.324,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.212, de conformidade coa oferta presentada.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/4643

Dáse conta do escrito presentado por D. Víctor Manuel Canello Noya solicitando a adopción de medidas para mellorar a circulación na Rúa do Corvo (Cornazo), á altura do nº 20, para evitar os desperfectos na beirarrúa.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que realizada inspección ocular en rúa Do Corvo, no tramo que discorre entre a Avd. Agustín Romero e o citado no 10, onde se atopa a intersección de rúa do Corvo que discorre cara a rúa Cúbela, tomando sentido de Agustín Romero a rúa Do Souto, obsérvase que o último tramo de vivendas, teñen case todas encostadas as mesmas anacos de beirarrúas particulares de distintas medidas e distintas construcións, o que provoca unha estreiteza na calzada bastante seria para o cruzamento de vehículos en sentidos opostos.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda que, cando sexa posible, se proceda a colocar unha banda redutora de velocidade ao pincipio da zona estreita, mais ou menos a

metade do tramo e á altura do no 10 un sinal vertical R-6 (prioridade no meu sentido), para dar preferencia aos vehículos que soben con relación aos que baixan na citada zona de estreiteza. Dar conta á Xerencia de Urbanismo (Enxeñeiro).

PRP2023/4844

Dáse conta do escrito presentado por D. Francisco Javier González Porto en nome propio e de outros veciños de Vilagarcía de Arousa, solicitando a instalación dunha rede de semáforos acústicos adaptados, a progresiva instalación de cambios de textura nas beirarrúas e nos pavimentos co fin de mellorar a accesibilidade e mobilidade para as persoas con discapacidade. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2024/0070

Dáse conta de escrito presentado por D. José Francisco Dasi Dorelle solicitando a adopción de medidas oportunas para a protección de elemento histórico na Praza da Independencia (placa de 113 anos de antigüidade, áncoras e canon), para evitar o seu deterioro progresivo. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2024/0071

Dáse conta de escrito remitido pola Deputación Provincial de Pontevedra comunicando a preparación da primeira edición do Plan+Provincia e as principais novidades na configuración do mesmo, sendo a cantidade asignada ao Concello de Vilagarcía de Arousa a de 1.482.114,40 €, coa seguinte distribución:

- LIÑA 1: 1.037.480,08 €
- LIÑA 2: 123.015,50 €
- LIÑA 3: 284.565,96 €
- LIÑA 4: 37.052,86 €

Lembran así mesmo que o prazo de presentación de solicitudes é de 3 meses a antoar dende o día seguinte ao da publicación das bases e o extracto da convocatoria no BOPPO e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

BENESTAR SOCIAL

EMPREGO

PRP2024/0078

Dáse conta de escrito do Servizo de Orientación Laboral, da Consellería de Emprego e Igualdade comunicando que con motivo da próxima finalización do período subvencionado para realizar actividades de orientación laboral para o ano 2023 ao abeiro da orde de 9 de xaneiro de 2023, Dado que aínda non saíu publicada a convocatoria de axudas para o exercicio 2024, as entidades que prestaran servizos ao abeiro da citada orde poden solicitar autorización para o mantemento provisional dos servizos de orientación laboral que foron subvencionados para o exercicio de 2023, remitindo as solicitudes antes do 17 de xaneiro de 2024.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2024/0028

Vista a proposta da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases e do orzamento do "XVIII Premio para a Igualdade de Xénero. Boas prácticas na escola".

As entidades beneficiarias poderán ser centros educativos en xeral , centros educativos de Réxime de ensinanza especiais, departamentos concretos dos centros, profesorado de xeito específico ou ANPAS , e as condicións de participación veñen especificadas nas citadas bases. O importe do Premio ascende á cantidade de 1.500,00€ repartidos en tres premios de 500,00€ cada un, con cargo á partida 2312.48100.

PRP2024/0029

Vista a proposta da Concellería Delegada da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases e orzamento para a realización do XVI Maratón Fotográfica pola Igualdade, que terá lugar o sábado 2 de marzo e no que previa inscrición, poderá participar calquera persoa de oito ou máis anos interesada na fotografía. A actividade terá unha duración de 9 horas (de 10:30 ata as 19:30 horas), cun orzamento total de 1.278,00€, coa seguinte desagregación:

- 3 premios de 200,00€ cada un : 600,00€ con cargo á partida 2312-48100, modalidade xeral(14 anos en diante).

- Mercedes Rolán Lopez orzamento dunha cámara fotográfica deportiva 139,00€ con cargo á partida 2312-48100, premio modalidade infnatil (nados entre o ano 2010 e o 2015)

-Arines Papelería. Orzamento de cartolinas e fundas transparentes 55,00€ con cargo á partida 2312-22610

- Cine Club Adegá, Orzamento proxección película 484,00€, con cargo á partida 2312-22610.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CULTURA

PRP2024/0031

Dáse conta do Convenio para a concesión directa de subvención pública a Asociación Cultural Coro Liceo de Vilagarcía, por importe de 1.000,00 €, con cargo á partida 334.489, que ten por obxecto subvencionar a realización do concerto "Miñatos de Vrán", o vindeiro venres 19 de xaneiro de outubro de 2024 ás 20:30 horas, no Auditorio Municipal, con entrada libre e gratuíta ata completar o aforo da instalación.

PRP2024/0056

Dentro da programación do Entroido 2024, celébrase o Festival de Comparsas, que este ano será o vindeiro día 11 de febreiro de 2024 no Salón de Actos do Auditorio Municipal, sendo de balde para todo público asistente.

Este festival non ten carácter competitivo, polo que cada unha das Comparsas participante, (un máximo de 10), percibirán unha compensación económica de 300,00€, con cargo á partida 334.48100.

Así mesmo, todos aqueles participantes deberán inscribirse na Concellería de Cultura, na data e horario que se establece nas bases.

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación das

bases para participar no FESTIVAL DE COMPARSAS 2024, a celebrar o vindeiro día 11 de febreiro no Salón de Actos do Auditorio Municipal.

Así mesmo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases e fichas de inscrición para a celebración do Entroido 2024, coa celebración do Desfile de Disfraces e Carrozas, o martes día 13 de febreiro, e co establecemento dos premios e gastos que figuran nas mesmas, por un importe total de 6.800,00 €, con cargo á partida 334.48100:

CATEGORÍA INFANTIL (Ata 13 anos)	
INDIVIDUAL INFANTIL	
1º PREMIO	100,00€
2º PREMIO	75,00€
3º PREMIO	50,00€
PARELLA INFANTIL	
1º PREMIO	150,00€
2º PREMIO	100,00€
3º PREMIO	75,00€
CATEGORÍA ADULTO (A partir de 14 anos)	
INDIVIDUAL ADULTO	
1º PREMIO	100,00€
2º PREMIO	75,00€
3º PREMIO	50,00€
PARELLA ADULTO	
1º PREMIO	150,00€
2º PREMIO	100,00€
3º PREMIO	75,00€
CATEGORÍA COMPARSAS	
GRUPO DE 3 ATA 20 PERSOAS	
1º PREMIO	800,00€
2º PREMIO	500,00€
3º PREMIO	300,00€
GRUPO MÁIS DE 20 PERSOAS	
1º PREMIO	1.300,00€
2º PREMIO	800,00€
3º PREMIO	500,00€
PREMIO Á MELLOR CARROZA	
PREMIO	500€
PREMIO Á MELLOR ANIMACIÓN	
PREMIO	500€
ACCÉSIT CHOQUEIRO	
PREMIO	500€

só se poderá acadar un premio por participante ou grupo no Desfile-Concurso.

CONTRATACIÓN

PRP2024/0032

Dáse conta da comunicación da Deputación Provincial de Pontevedra de concesión de subvención por importe de 48.841,65€, para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclabes nos concellos da Rede Ágora. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2024/0084

A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 27/11/2023 acordou a interrupción da actividade e o peche ao público das instalacións da piscina municipal de Fontecarmoa, xestionada pola empresa Servicio, Cultura, Deporte y Recreación, S.L., con motivo do inicio das obras de “Reforma e Mellora das Instalacións e piscinas Municipais de Fontecarmoa”, dende o día 1 de decembro de 2023 e por un período inicial de 1 mes, co obxectivo de garantir a seguridade dos traballadores e das

persoas usuarias da piscina e asegurar o bo curso das obras proxectadas.

Tendo en conta o actual estado das obras, a Xunta de Goberno Local acorda:

Comunicar a SERVIOCIO CULTURA DEPORTE Y RECREACION SL, que a partir do vindeiro 16 de xaneiro de 2024, poderá proceder á reapertura en precario das instalacións da piscina municipal de Fontecarmoa, baixo as seguintes condicións:

Servizos dispoñibles:

1- Sala de fitness actividades dirixidas.

2- Piscina para nado de uso libre e clubs.

SERVIOCIO deberá contar cos traballadores necesarios para prestar ditos servizos (monitores, socorristas, recepción e persoal de limpeza).

Cobro de cotas:

Do 16 ao 31 de xaneiro non se cobrará cota aos socios e, en función de como evolucionen as obras, valorarase a posibilidade de iniciar o pago a partir do 1 de febreiro ou manter as cotas conxeladas.

Condicións da apertura en precario:

1- A entrada realizarase pola porta de emerxencia da fachada principal.

2- Disporanse no hall taquillas e zona para cambiar calzado de rúa por calzado de uso deportivo/chanclas.

3- A zona de seco non dispoñerá de vestiarios.

4- Para a piscina habilitaranse carpas con cadeiras como cambiadores, taquillas e duchas (sen posibilidade de uso de xabón).

5- Horario limitado, de 9:00 a 14:00 e de 17:00 a 22:00 h.

6- A empresa farase cargo dos gastos que conleve a reapertura en precario das instalacións así dos gastos derivados da non reapertura da instalación na súa totalidade, os cales serán aboados posteriormente polo Concello unha vez xustificadas estas.

7.- A empresa continuará coa xestión da piscina cuberta climatizada de Fontecarmoa ata a aprobación do prego de cláusulas administrativas e técnicas que rexerán a licitación do Servizo así como durante o tempo necesario para a súa tramitación posterior e posta en funcionamento dun xeito efectivo por parte da nova empresa adxudicataria do servizo, e polo tanto se levaría a cabo a continuidade transitoria baixo as mesmas cláusulas do contrato vixente, ata a adxudicación do novo contrato.

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:00 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.